

MÚSICA

Os gaiteiros de Luvas Verdes regresan dispostos a dar moita guerra

MARTA GARCÍA MÁRQUEZ > A CORUÑA

■ Luvas Verdes regresa como unha idea para dicirlle ao mundo que están dispostos a dar guerra no panorama da música, que o son dunha gaita non ten que estar limitado aos concursos e ás alboradas e o grupo volve encher os folios con forza para reivindicar un espazo que moitas veces está cedido a estilos “aparentemente” de maior trascendencia pero afastados á terra que entende de palleiros e aturuxos.

Os motores de Luvas Verdes son Dani Bellón e Pedro Lamas, que retoman o traballo iniciado no 2001 xunto a Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde na percusión como unha nova proposta a un país adormecido, cansados xa de participar en certames que unicamente serven para amosar as

composicións que logo interpretan outros (Bellón é o gaiteiro máis galardoado en Galicia): “Esperamos non botar de menos os concursos e que o tradicional non dependa deles para ser exposto”.

Factoría musical > Eles definen o proxecto como unha especie de factoría onde a música xira porque, ademais do grupo, pensan conducir o aprendido polas canles da educación a través de cursiños específicos de carácter itinerante sobre a gaita galega e a música tradicional orientados a colectivos no exterior e a entidades promocionais da nosa cultura.

E desta forma, esperan presentar o seu segundo traballo a finais de ano, que será unha revisión do repertorio popularizado pola desaparecida formación Lelia Doura



O grupo Luvas Verdes deu unha pequena demostración na presentación do proxecto

JESÚS L. FRADE

da que formaron parte: “Un proxecto fallido que empezou con moita ilusión polo que temos esa espiña cravada”.

E a música tradicional volve a estar reinterpretada por Dani Bellón e Suso Vaamonde cunha visión persoal que non descarta a fusión con outros estilos como o jazz porque, segundo o experto Óscar Losada, “trátase de dignificar a tradición pero eles tamén viven no mundo contemporáneo”.

ACTUACIÓNS

O grupo arrinca esta primavera a súa xira que os levará o 17 de maio a Rianxo como punto de inicio

O grupo arrinca nesta primavera cunha xira que se detén o 17 de maio en Rianxo como primeiro punto dunha etapa que comeza, intercalada con outros proxectos como un audiovisual de grandes dimensións que xa están a matizar. Sentencia Daniel Bellón que non é que Luvas Verdes morrera, sempre estivo a idea e a idea quere agora adquirir un enfoque máis serio até convertirse nun ente que abarcar moitas cousas.